

«Entregamos a Neira Vilas o premio Pedra do Destino»

O colectivo que preside López Gómez outorga 3.000 euros á Fundación de Gres pola dignificación da cultura galega

ROCÍO RAMOS

LALÍN / LA VOZ

O sábado, representantes da Asociación de Amigos dos Museos de Galicia, que preside o historiador Felipe Senén López Gómez, desprázanse ata Gres para facer entrega dun premio a Xosé Neira Vilas.

—¿Como xurdiu a visita?

—A Asociación Amigos dos Museos de Galicia naceu no ano 1975 e conta con preto de 700 asociados. Cada ano, o 18 de maio, o día despois das Letras Galegas e o día dos Museos outorgamos un premio de 3.000 euros e o apoio incondicional do colectivo a aquelas persoas ou institucións preocupados por salvagarda da cultura e que contribuíron a normalizar, difundir, conservar ou difundir a cultura galega. Este ano foi outorgado á Fundación Xosé Neira Vilas e o sábado as 13 horas lle faremos a entrega do premio. Iremos unha ampla representación integrada por 50 persoas para entregarlle a Pedra do Destino, que así se chama o galardón. Toma o seu nome do mito da viaxe de Breogán de Brigantia a Irlanda para vingar a morte do seu fillo Ith portando o símbolo da Pedra do Destino.

—¿Que lles parece o museo, que está nun entorno rural?

—Ten moita importancia polo seu papel dinamización no rural e na zona do Deza e do Ulla. É un museo de actores non de espectadores. Logo está a figura de Neira Vilas como escritor, a súa casa e o que significa para



Felipe Senén é museólogo da Deputación coruñesa. MIGUEL VILLAR

toda a zona. Somos unha asociación que non dependemos da administración e tratamos de dar unha axuda pola constancia e polo traballo que desenrola a fundación a prol da cultura. O ano pasado premiouse a Fundación Manuel María e o anterior a de Uxío Novoneyra.

—¿Que opinión lle merecen os museos de Deza?

—Está o Museo de Doade, que é unha iniciativa particular e o que pensamos darlle tamén o premio e o de A Solaina de Piloño o que pensamos darllo tamén moitas veces. Son todas iniciativas particulares co que costa abrir iso todos os días, e que fan un traballo moi importante pola cultura. Agora tendes ta-

mén o pazo de Liñares que hai que salvar.

—¿Apoia que se adique a museo dos castros?

—Museos de interpretación dos castros hai xa algúns, pero o que había que interpretar son as figuras ilustres como Joaquín Loriga, que levaron os seus restos da igrexa de Losón para Madrid e ninguén dixo nada. É un pazo vinculado a unha fidalguía. Está Ramón María Aller, Laxeiro e A Romea, que inspirou a súa obra e que daría para un libro. Lalín é terra de encrucilladas, de feiras, ten unha historia moi importante de tradición e de modernidade cunha floreciente industria, é o corazón de Galicia e falta recoller toda esa historia.